



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Cultura

Auditorio Municipal
Avda. da Mariña, 27
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 512 600
CIF: P/3606000 B
cultura@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

DESFILE DE DISFRACES E CARROZAS

MARTES 12 DE FEBREIRO ÁS 17:00 HS.
VILAGARCÍA DE AROUSA

BASES 2013

- 1 Establécense os seguintes premios:

Nivel ADULTOS (de 14 anos en adiante):

GRUPOS	IMPORTE
MELLOR DISFRAZ COLECTIVO	600,00€
MELLOR DISFRAZ PARELLA	300,00€
MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL	200,00€
MELLOR ANIMACIÓN DE RÚA	300,00€
MELLOR INTERPRETACIÓN	300,00€
DISFRAZ MÁIS ORIXINAL	300,00€

Nivel INFANTIL (ata 14 anos):

GRUPOS	IMPORTE
MELLOR DISFRAZ COLECTIVO	400,00€
MELLOR DISFRAZ PARELLA	100,00€
MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL	50,00€
MELLOR ACOMPAÑAMIENTO	150,00€
MELLOR INTERPRETACIÓN	150,00€
MELLOR DISFRAZ MÁIS ORIXINAL	150,00€

- 2 O concurso será fallado por un xurado que nomeará a Concellería de Cultura, e que estará formado por persoas relacionadas coa cultura, música, información, deseño, xornalismo e outros, con total e absoluta independencia de actuación e toma de acordos baixo o criterio fixado nas bases. O xurado estará, non identificado como tal, observando as evolucións dos participantes durante o desenvolvemento do concurso.



- 3 O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos: animación, espectacularidade, orixinalidade, espontaneidade, convención e a animación musical.
- 4 O xurado, se o estima oportuno, poderá declarar premios desertos.
- 5 Non se permite a participación no desfile/concurso con animais vivos.
- 6 Non se valorara aqueles grupos nos que participen algún membro da corporación municipal
- 7 Os participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17:00hs. da rúa Alexandre Bóveda, percorrendo rúas céntricas de Vilagarcía: Dr. Carús, Alejandro Cerecedo, Dr.Tourón, Praza de España, Edelmiro Trillo, Praza Independencia (dando a volta ó xardín) Padre Feijoo, Praza de Galicia, Arzob. Lago, co remate de novo en Alexandre Bóveda. Os participantes deberán estar en posición de saída antes das 17:00 hs. Aqueles que participen cun vehículo, carroza ou artefacto de grande dimensións, deberán notificalo á organización para a súa colocación previa na rúa Alexandre Bóveda.
- 8 Ás 17:00 hs., na saída do desfile e ó longo do mesmo faranse varios controis por parte da organización, polo que deben pasar todos os participantes.
- 9 O prazo de inscrición será dende o día 1 de febreiro en horario de 9:00 hs. a 14:00 hs., ata o día 12 martes de febreiro (inclusive) na Concellería de Cultura (Auditorio de Vilagarcía) antes das 12:00 hs.
- 10 No momento da inscrición entregarase a cada participante unha cartolina cun número, que deberán levar nun lugar visible na parte dianteira do seu disfraz ou grupo. En caso contrario quedarán fóra do concurso.
- 11 O fallo do xurado será inapelable e a participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento os participantes deberán cumplir as indicacións da organización. Corresponde á Concellería de Cultura a interpretación das bases no aspecto que fose preciso.
- 12 Os premios daranse a coñecer ó remate do desfile, sobre ás 20:30 hs. no Baile de Entroido na rúa entre Alexandre Bóveda e García Caamaño e no caso de choiva na Praza da Peixería, e serán entregados a partir do xoves día 14 de febreiro de 2013 na Concellería de Cultura (Auditorio) en horario de 9 a 14 hs.